


PROTOCOLO FISICOVID-DEPORTEGALEGO XOGADE 2021/22

Data actualización: 29/09/2021



ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	O PROGRAMA XOGADE 2021/22	4
3.	TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR XOGADE 2021/22	5
4.	MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA AS ACTIVIDADES NON FEDERADAS DO PROGRAMA XOGADE 2021/22.....	6
5.	MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA OS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS DAS ACTIVIDADES NON FEDERADAS DO PROGRAMA XOGADE 2021/22.....	9
6.	DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN DO PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO XOGADE 2021/22.....	17
7.	ANEXOS	18
7.1.	MODELO DE COMUNICACIÓN DE ADHESIÓN AO XOGADE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR/A FISICOVID-DXTGALEGO XOGADE 2021/22 DE AGRUPACIÓNS DEPORTIVAS ESCOLARES	18
7.2.	MODELO DE COMUNICACIÓN DE ADHESIÓN AO XOGADE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR/A FISICOVID-DXTGALEGO XOGADE 2021/22 DE ENTIDADES PARTICIPANTES NO PROGRAMA XOGADE 2021/22	19
7.3.	LISTA DE VERIFICACIÓN DE MEDIDAS PREVIA A ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES	20
7.4.	MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS PARA PARTICIPAR EN XOGADE 2021/22	22
7.5.	DIRECTORIO	23
7.6.	PROTOCOLOS DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E COMPETICIÓNS	24
7.7.	TABOAS DE PAUTAS XERAIS PARA ADESTRAMENTO XOGADE 2021/22	24

1. INTRODUCCIÓN

O programa Xogade (Xogos galegos deportivos en idade escolar), nacido na tempada 2009/10 con dúas actividades, segue evolucionando ano a ano co obxectivo de promover e fomentar a práctica de actividade física na poboación escolar galega ao abeiro do Plan Galicia Saudable da Xunta de Galicia.

A tempada 2021/22 ven condicionada pola aparición da Covid-19 que obriga a ter un protocolo de actuación encamiñado a protexer e previr o contaxio. Trátase de limitar ao máximo a capacidade de transmisión do virus dende o primeiro desprazamento cara ao lugar da práctica físico deportiva, no propio espazo e durante a propia actividade, así como despois da mesma e no camiño de volta. A finalidade é garantir unha práctica segura e saudable aos case 130.0000 escolares galegos de 6 a 16 anos que participan nas diferentes actividades promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte en colaboración coas 36 federacións deportivas galegas adheridas ao Seguro Deportivo 6-16 e as 30 agrupacións deportivas escolares galegas que colaboración coas ANPAS, clubs, escolas deportivas municipais, asociacións, entre outras entidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica vinculada ao seguro deportivo 6 – 16 financiado pola Secretaría Xeral para o Deporte, desenvólvese de forma individual ou colectiva, de conformidade cos protocolos de que deben dispoñer as federacións deportivas galegas, segundo o modelo do Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO, aprobado pola *resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola Covid-19 no ámbito do deporte federado de Galicia* (DOG Núm. 120, Venres, 19 de xuño de 2020). Protocolos que están publicados nas respectivas páxinas webs das federacións deportivas galegas e son de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos.

Para o desenvolvemento das actividades non federadas do programa Xogade que engloba os programas de Actividade deportiva escolar, Coñece o meu club, Xogando coa auga e co vento, Xogos tradicionais e populares, Espazo lúdico e Actividades de promoción, **serán de obrigado cumprimento** as medidas e pautas de actuación incluídas no presente **Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 que estará en constante revisión e actualización** para axustarse a realidade de cada momento.

2. O PROGRAMA XOGADE 2021/22

A **actividade deportiva federada** de competencia autonómica e tal como se estableceu na introdución, seguirá o marcado nos correspondentes protocolos federativos das federacións adheridas. Para a tempada 2021/22 e na data da publicación do presente protocolo as federacións adheridas ao seguro deportivo 6-16 do Xogade son: atletismo, bádminton, baloncesto, balonmán, béisbol e sófbol, birlos, boxeo, ciclismo, esquí náutico, fútbol, halterofilia, hípica, hóckei, judo, karate, kickboxing, kung-fu, loita, motociclismo, natación, orientación, pádel, petanca, piragüismo, remo, rugby, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, tenis de mesa, tríatlon e péntatlon moderno, voleibol, xadrez e ximnasia.

As liñas de actuación non federadas do programa Xogade na súa edición 2021/22 engloban as seguintes actividades:

- Actividade deportiva escolar que recolle as modalidades de atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balonmán, campo a través, duatlon, fútbol sala, multixogo 6-8, natación, orientación, patinaxe artística, piragüismo, tenis de mesa, voleibol, xadrez e xogando co atletismo
- Coñece o meu club
- Xogando coa auga e co vento
- Xogos tradicionais e populares
- Espazo lúdico
- Actividades de promoción

Para o desenvolvemento das actuacións non federadas anteriores, seguirase o marcado no presente **Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22** e na Normativa Xeral do Programa. Teranse en conta en cada caso os protocolos e plans de adaptación ao contexto da Covid-19 das instalacións e centros educativos nos que se desenvolva e as restricións sanitarias vixentes.

3. TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR XOGADE 2021/22

No programa da actividade deportiva escolar 2021/22:

- Os adestramentos das diferentes modalidades da actividade deportiva escolar estarán permitidos dende o inicio do programa sempre que se desenvolvan de forma individual ou colectiva, de acordo co que se dispoña en cada momento polas autoridades sanitarias ao relativo a práctica da actividade física e deportiva non federada, e ao establecido nos protocolos da actividade. A evolución da organización das tarefas e exercicios de adestramento quedará condicionado as modificacións e reaxustes que por motivos sanitarios se produzan en cada momento.
- As competicións locais, comarcais, intercomarcais, provinciais e autonómica que procedan deberán ser autorizadas polo servizo provincial correspondente.

O desenvolvemento da actividade deportiva escolar en 2021/22:

- Seguirá a Normativa Xeral que regula o programa publicada na páxina web <https://xogade.xunta.gal/> e na aplicación de inscricións.
- Serán de obrigado cumprimento as medidas xerais e pautas básicas de actuación do Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 publicado na páxina web do programa.
- Teranse en conta os protocolos e plans de adaptación ao contexto da Covid-19 das instalacións e centros educativos nos que se desenvolva e as restricións sanitarias de cada momento.
- A data de comezo da actividade será publicada na páxina web <https://xogade.xunta.gal/>.

4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA AS ACTIVIDADES NON FEDERADAS DO PROGRAMA XOGADE 2021/22

Tanto os participantes coma os organizadores terán obrigación de aplicar as medidas de protección individual que se detallan a continuación, establecidas en base a **forma de contaxio da enfermidade**:

1. **Facer unha enquisa de autoavaliación antes de acudir a actividade comunicando a presenza de síntomas ao servizo de saúde de referencia e a ausencia ao coordinador/a FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22.**

Todas as persoas participantes no programa Xogade 2021/22, sexan deportistas ou staff, terán que facer unha autoavaliación diaria para comprobar que non teñen síntomas derivados da Covid-19 antes de desenvolver a práctica da actividade físico-deportiva, segundo se recolle na enquisa de autoavaliación para os centros de ensino non universitario de Galicia da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional incluída na ligazón: https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa_autoavaliacion_21_22.pdf ou <https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus> e na web do programa Xogade: <https://xogade.xunta.gal/>

As entidades organizadoras das actividades trasladarán a citada enquisa de avaliación aos pais/nais/titores legais ao inicio das actividades co compromiso de que a fagan antes de levar aos escolares as actividades. A dita enquisa non ten que entregarse responsables das entidades, si é necesario achegar modelo de declaración responsable no anexo 7.4. do cumprimento da mesma que será válida para todas as actividades do programa XOGADE nas que participe con dita entidade.

Tras realizar a enquisa de autoavaliación:

- Se a persoa interesada ten un resultado negativo, é dicir, marcou NON en todos os cadros; poderá participar nas actividades do programa segundo o protocolo establecido para cada actividade físico deportiva.
 - Se a persoa interesada obtén un resultado positivo, é dicir, marca un ou máis dos cadros na enquisa con SI, o protocolo a seguir será:
 1. Non acudir á actividade.
 2. Comunicar os síntomas ao servizo sanitario de referencia e seguir as indicacións da Consellería de Sanidade: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV>.
 3. Contactar co/a coordinador/a FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 da entidade á que pertence para comunicar a ausencia tal como se recolle no apartado 5 do presente documento.
 4. De forma preventiva, manter o illamento domiciliario ata que o facultativo determine as indicacións oportunas.
- 2. Usar obrigatoriamente a máscara de acordo aos protocolos de aplicación, salvo nas excepcións previstas na lexislación vixente e acreditadas por informe médico.** No que respecta ao uso da máscara:
- É importante insistir na importancia de utilizar máscaras que reúnan coma mínimo as especificacións UNE 0064 (para un só uso) ou 0065 (para as reutilizables).
 - Os participantes/staff deberán levar sempre unha ou varias máscara de reposto nun estoxo axeitado.
 - É importante ter en conta tamén a durabilidade da máscara para que cumpra correctamente a súa función, esta é, protexer fronte a Covid-19.
 - A entidade organizadora do adestramento/competición deberá contar sempre con máscaras de reposto.

- Incidir na correcta colocación da máscara durante as tarefas de adestramento e na competición.

3. **Incrementar e cumprir as medidas de hixiene persoal dos participantes e o staff:**

- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico. Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou esberrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Non cuspir na práctica de actividade físico – deportiva.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca na medida do posible e, no caso de facelo, prestar atención ao lavado e hixiene de mans previo.

4. **Manter a distancia de seguridade interpersonal marcada polas autoridades sanitarias.** Evitaranse os saúdos, celebracións con choque de mans ou cóbados, abrazos etc.

5. **Non compartir comida nin bebida.**

6. **Dar prioridade a que a roupa deportiva veña posta da casa; evitar o uso compartido e multitudinario dos vestiarios.**

7. **Cumprir os protocolos establecidos e actualización dos mesmos.** O presente protocolo será de obrigado cumprimento para todas as persoas participantes nas actividades do programa. Os organizadores deberán manter actualizada a información vixente sobre os protocolos da actividade, da organización, da instalación e do transporte, entre outras restricións sanitarias; coa finalidade de que as persoas participantes poidan cumprir os mesmos.

Figura 1. Resumo de medidas de protección individual

<p>Enquisa de autoavaliación</p> 	<p>Uso de máscara</p> 	<p>Lavado de mans e hixiene persoal</p> 
<p>Cumprir os protocolos da instalación e actividade</p> 	<p>Distancia interpersoal</p> 	<p>Non compartir comida nin bebida</p> 

5. MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA OS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS DAS ACTIVIDADES NON FEDERADAS DO PROGRAMA XOGADE 2021/22

A organización de adestramentos e competicións axustarase as recomendacións e restricións das autoridades sanitarias e competentes.

Asemade, serán de obrigado cumprimento as consideracións establecidas a continuación e as táboas de pautas xerais e básicas de actuación para os adestramentos e competición incluídas como anexos ao presente protocolo.

Atenderase, ademais, aos protocolos e plans de actuación adaptados ao contexto da Covid-19 das instalacións e centros educativos nos que se desenvolve a actividade.

As **medidas organizativas de obrigado cumprimento** para o desenvolvemento de adestramentos e competición da actividade deportiva escolar concréntanse en:

1. Aplicar as medidas establecidas para o transporte e desprazamentos na actividade salvo aquelas que por prohibición expresa se establezan (peches perimetrais, restricións de mobilidade etc.):

- Sempre que sexa posible non compartir vehículo particular con persoas non convivintes. No caso de que isto non sexa posible, priorizar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersoal marcada polas autoridades sanitarias e, en todo caso, utilizar máscara.
- De ser necesario compartir vehículo con persoas coas que non se conviva, extremar as medidas de limpeza do mesmo e procurar que non viaxe máis dunha persoa por cada fila de asentos, mantendo a maior distancia posible entre os ocupantes.
- De viaxar en transporte público, utilizar sempre a máscara e asignar asentos fixos ao alumnado na viaxe de ida e de volta anotando o lugar onde se ubica cada escolar para, no caso que sexa preciso, facer unha mellor trazabilidade dos contactos.
- Procurar que tanto as chegadas como as saídas de participantes sexan graduais para evitar aglomeracións de persoas.

2. Maximizar as medidas de limpeza:

- A entidade responsable da actividade deberá garantir a limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies. Os materiais empregados na limpeza e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- Disporase de papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable con tapa e accionadas de forma non manual, nas que poder depositar panos e calquera outro material desbotable. Estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambien alomenos unha vez ao día.
- Cadaquén traerá os seus medios de protección individual (é obrigatorio o uso da máscara, panos desbotables, frasco de xel hidroalcolico etc.). A entidade responsable da actividade deberá asegurarse, na medida do posible, que os deportistas e escolares dispoñan do material de prevención para que, se non dispora del, facilitarillo ou ben non poder participar na actividade.

3. Desinfección do material na súa utilización:

- Pódese compartir material (balóns, fichas de xadrez, cintas etc) realizando antes e despois da actividade a obrigatoria hixiene de mans e limpando os materiais entre cambio de grupos.

4. Incrementar as actividades ao aire libre e a ventilación en espazos pechados (antes, durante e despois):

- Priorizárase o desenvolvemento de actividades e competicións ao aire libre. No caso de espazos pechados, os deportistas deben ter acceso, nos descansos e recuperación, a zonas ao aire libre ou zonas adecuadamente ventiladas.
- No referente a ventilación antes, durante e despois da actividade, seguirase o marcado na normativa vixente, en concreto, “deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 15 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriedade un mínimo de 5 minutos ao remate de cada clase ou actividade de grupo para garantir unha ventilación axeitada. As portas e/ou ventás deberán permanecer abertas para favorecer a circulación do aire. No caso de que a ventilación natural non sexa posible, optarase por implementar unha ventilación forzada e/ou a purificación de aire segundo o marcado polas autoridades competentes.
- Antes do inicio das actividades e do uso dos espazos (vestiarios, baños, salas etc.) asegurarse de que estean ben ventiladas e se fixeran as accións sinaladas no parágrafo anterior.

5. Respetar o aforo e normativa das instalacións:

- A práctica de actividade físico deportiva de forma simultánea en instalacións e/ou ao aire libre, respectará o máximo de participantes e o aforo establecido na normativa vixente, respectando en todo momento a distancia de seguridade interpersonal e o uso da máscara cando proceda, así coma o protocolo da instalación.
- Na medida do posible, tentarase que o persoal responsable da actividade (monitores, técnicos, docentes etc.) sexa o mesmo ao longo do programa e que se manteña o mesmo lugar de realización das actividades (aula, sala, instalación).

- Non estará permitida a presenza de público no desenvolvemento das actividades (exemplo: pais, nais, outros acompañantes).
- Graduar as entradas e saídas das instalacións ou espazos de practica.
- É obrigatorio levar a roupa deportiva posta da casa para evitar o uso compartido e multitudinario dos vestiarios. Recoméndase traer calzado de recambio para a actividade. No caso de ter que utilizar os vestiarios, terase en conta o protocolo da instalación, e ademais:
 - i. Se os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa.
 - ii. Se se utilizan os vestiarios:
 - O uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade entre elas e en todas as direccións.
 - Organizaranse as quendas que sexan necesarias para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección.
 - Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas.
 - Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e **estar con máscara en todo momento**, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza.
 - Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres se está no vestiario
- No caso dos aseos, utilizaranse só para o fin propio e polo tempo imprescindible e baixo as seguintes indicacións:
 - Uso de máscara en todo momento
 - Manter a distancia de seguridade interpersoal
 - Respetar as quendas de uso para cumprir aforos.
 - Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
- Habilitar unha zona para depositar as pertenzas persoais dos participantes de xeito organizado e respectando as distancias.

- Evitarase, na medida do posible, o uso de ascensores e similares, e en todo caso, a súa ocupación máxima será dunha persoa, salvo que se trate de persoas convivintes ou dependentes. Nos ascensores usarase a máscara aínda que o ocupe unha única persoa.
- Na organización das actividades, deberá contemplarse un espazo para o illamento no caso da sospeita dun positivo. Seguiranse as pautas determinadas no apartado de comunicación e seguimento da sintomatoloxía Covid-19.

6. Aplicar os protocolos establecidos para a actividades:

- Para a actividade deportiva escolar teranse en conta o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 e as táboas de pautas xerais e por modalidade deportiva para implementar en adestramentos ou competicións incluídas nos anexos do presente documento.
- No caso de que as actividades se desenvolvan en centros educativos e/ ou instalación públicas/ privadas, serán de aplicación os protocolos e plans de adaptación ao contexto da Covid-19 das citadas entidades, se axustarán ao marcado no protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 e as restricións sanitarias do momento.

7. Adhesión ao Xogade e información aos implicados nas actividades das medidas e protocolos:

- As entidades organizadoras e participantes no programa Xogade (clubs, ANPAS, centros educativos, asociacións, escolas deportivas municipais e agrupacións deportivas escolares) firmarán o modelo de adhesión ao programa (anexo 7.1 e 7.2) que implica o cumprimento das medidas establecidas no presente protocolo e informarán a todos os axentes que participen, directa ou indirectamente, na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir.
- Os organizadores das actividades deberán facilitar información a todos os axentes vinculados nas actividades do programa, sobre as medidas de hixiene e seguridade adoptadas mediante carteis en puntos clave dos espazos de práctica e accesos aos mesmos, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente previo ao inicio da actividade e por vía telemática.

- Recoméndase que antes das primeiras sesións de adestramento, o staff realice algún simulacro para axustar as medidas propostas neste protocolo á súa realidade e espazos concretos.

8. Dispoñer dun coordinador/a FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22:

- Os organizadores de actividades de adestramento e competición, sexan Agrupacións Deportivas Escolares ou outras entidades, designarán unha persoa de contacto como coordinadora FISICOVID-DXTGALEGO do Xogade 2021/22, asinando o modelo que figura no anexo 7.1 e 7.2, que actuará como interlocutora no caso de producirse calquera incidencia.
- As funcións dese coordinador son: a implementación na súa entidade do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 e ser o interlocutor coa Agrupación Deportiva Escolar correspondente e/ou Secretaría Xeral para o Deporte para a comunicación das incidencias que poidan xurdir no entorno a Covid-19.
- Preténdese definir interlocutores entre as entidades organizadoras das actividades e a administración deportiva e sanitaria, para poder ter unha comunicación fluída entre todos os implicados na loita contra a Covid-19, e tamén para colaborar no desenvolvemento de actividades deportivas seguras.

9. Adaptar as actividades as actualización das restricións sanitarias e seguir as recomendacións establecidas para a comunicación de incidencias e seguimento de casos:

- O desenvolvemento das actividades e programas axustaranse aos protocolos das instalacións, dos centros educativos e da actividade/evento en cuestión, así como as restricións e recomendacións sanitarias de cada momento.
- Para facilitar o seguimento de contactos ante posibles contaxios, deberá dispoñerse dun rexistro de asistentes aos adestramentos e ás competicións, custodiado polo menos un mes despois, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.
- No caso de que un membro do staff, deportista etc., teña sintomatoloxía do virus Covid-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo sanitario de referencia para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://coronavirus.sergas.es/>).

- Considérase sintomatoloxía do virus Covid-19 a que figura na enquisa de autoavaliación tal como se especificou no apartado 4 do presente documento: https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa_autoavaliacion_21_22.pdf
Debe insistirse na importancia dunha autoavaliación diaria de posible sintomatoloxía por parte dos dirixentes, técnicos, axudantes, deportistas, acompañantes, público e voluntarios; antes de acudir a cada sesión de práctica deportiva.
- En caso de detección dun positivo por Covid-19 no entorno da práctica deportiva:
 - Deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias.
 - Procederese ao illamento nun local, á colocación de máscara cirúrxica e aviso ao responsable legal do menor quen deberá contactar co servizo sanitario de referencia e seguir en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.
 - Procederese á limpeza e desinfección das instalacións deportivas por quen corresponda segundo o protocolo da instalación deportiva.
 - Posteriormente, informarse da incidencia á Agrupación Deportiva Escolar correspondente ou ao Servizo Provincial de Deportes, seguindo o procedemento sinalado nos parágrafos anteriores.

10. Avaliación dos riscos de transmisión de SARS-COV-2 para eventos e actividades multitudinarias no contexto de nova normalidade por Covid-19 nos protocolos FISICOVID-DXTGALEGO específicos das competición, eventos e actividades.

- Os protocolos FISICOVID-DXTGALEGO específicos dos eventos/competicións e actividades multitudinarias ás que lles sexa de aplicación este protocolo, deberán partir dunha avaliación do nivel de risco de contaxio, tomando como referencia o documento “Recomendaciones para eventos y actividades multitudinarias en el contexto de nueva normalidad por covid-19 en España” elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade (https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID19_Recomendaciones_eventos_masivos.pdf) ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

Figura 2. Resumo de medidas organizativas de adestramentos e/ou competición

<p>Transporte con asentos fixos (ida e volta) e máscara</p> 	<p>Medidas de limpeza</p> 	<p>Desinfección do material na súa utilización</p> 
<p>Actividades ao aire libre ou en espazos pechados con ventilación</p> 	<p>Aforo e número de persoas participantes axustado a normativa</p> 	<p>Aplicación dos protocolos deportivos, das instalación, entidades e actividades</p> 
<p>Adhesión ao Xogade, divulgación dos protocolos das actividades</p> 	<p>Comunicación de incidencias á persoa coordinadora FISICOVID-DXTGALEGO</p> 	<p>Axustarse as restricións e seguir os procedementos e recomendacións sanitarias</p> 

6. DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN DO PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO XOGADE 2021/22

O protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos implicados no programa e deberá publicarse na páxina web <https://xogade.xunta.gal/> e na aplicación de Xogade.

O desenvolvemento do programa estará condicionado pola evolución da pandemia e polas restricións de cada momento. Polo que, o protocolo estará en continua revisión e actualización.

Neste sentido, as Agrupacións Deportivas Escolares e demais entidades participantes no programa (centro de ensino, ANPAS, clubs, escolas deportivas municipais, asociacións etc.), establecerán un procedemento para comunicarlle este protocolo a todos os seus axentes implicados no programa Xogade e para o seu cumprimento, facilitando un responsable como persoa de contacto (véxase anexos).

7. ANEXOS

7.1. MODELO DE COMUNICACIÓN DE ADHESIÓN AO XOGADE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR/A FISICOVID-DXTGALEGO XOGADE 2021/22 DE AGRUPACIONES DEPORTIVAS ESCOLARES

D/D^a con nº de DNI/NIE
....., en calidade de da Agrupación Deportiva Escolar
.....,

- DECLARO a adhesión ao programa XOGADE 2021/22 e que a entidade que represento comprometése a aplicar a normativa vixente en materia da Covid-19 e o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22.
- COMUNICO que D/D^a con nº de DNI/NIE, foi designado como Coordinación FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 da entidade

Así mesmo, o Coordinador/a FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 comprométome a notificar ao Servizo Provincial da Secretaría Xeral para o Deporte calquera incidencia que poida xurdir no programa Xogade 2021/22 referente ao Covid-19 e só a estes efectos facilito os seguintes datos de contacto:

- Teléfono:
- Enderezo electrónico:

Asino a presente, en, a..... de....de.....

A/A DO SERVIZO PROVINCIAL DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Sinatura do responsable
da ADE que certifica

Sinatura do Coordinador/a FISICOVID-
DXTGALEGO Xogade 2021/22

7.2. MODELO DE COMUNICACIÓN DE ADHESIÓN AO XOGADE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR/A FISICOVID-DXTGALEGO XOGADE 2021/22 DE ENTIDADES PARTICIPANTES NO PROGRAMA XOGADE 2021/22

D/D^a con nº de DNI/NIE , en calidade de da entidade (club, APNA, centro educativo, asociación etc.),

- DECLARO a adhesión ao programa XOGADE 2021/22 e que a entidade que represento comprométese a aplicar a normativa vixente en materia da Covid-19 e o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22.
- COMUNICO que D/D^a con nº de DNI/NIE , foi designado como Coordinación FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 da entidade
- MANIFESTO estar en posesión das declaracións responsables asinadas polos representantes legais dos participantes antes de participar nunha actividade.

Así mesmo, o Coordinador/a FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 comprométome a notificar á Agrupación Deportiva Escolar da miña zona ou ao Servizo Provincial da Secretaría Xeral para o Deporte calquera incidencia que poida xurdir no programa Xogade 2021/22 referente ao Covid-19 e só a estes efectos facilito os seguintes datos de contacto:

- Teléfono:
- Enderezo electrónico:

Asino a presente, en, a..... de..... de.....

A/A DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR

A/A DO SERVIZO PROVINCIAL DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Sinatura do responsable da entidade que certifica

Sinatura do Coordinador/a FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22

7.3.LISTA DE VERIFICACIÓN DE MEDIDAS PREVIA A ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

A organización de adestramentos e competicións das actividades do programa Xogade 2021/22 axustarase ás recomendacións e restricións das autoridades sanitarias e competentes.

Serán de obrigado cumprimento as medidas establecidas no Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 e as táboas con pautas básicas de actuación incluídas como anexos para desenvolver os adestramentos e competición.

Asemade, atenderase aos protocolos e plans de actuación adaptados ao contexto da Covid-19 das instalacións e centros educativos nos que se desenvolve a actividade.

Coa finalidade de facilitar aos organizadores das actividades de Xogade o establecemento e aplicación das medidas adoptadas no protocolo para a prevención da propagación e contaxio da Covid-19, establece a seguinte lista de verificación de medidas previo ao inicio de calquera actuación (adestramentos e/ou competicións):

MEDIDAS MÍNIMAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

	SI	NON	NON PROCEDE
1. Enquisa de autoavaliación previa.			
2. Uso da máscara segundo os protocolos .			
3. Cumprir as medidas de hixiene persoal .			
4. Manter a distancia de seguridade interpersoal .			
5. Non compartir comida nin bebida.			
6. Vir cambiado de casa , evitar o uso de vestiarios e minimizar o uso de aseos.			
7. Cumprir os protocolos .			
8. Comunicar a presenza de síntomas.			

MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA OS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS

As medidas organizativas a ter en conta para o desenvolvemento de adestramentos e competición da actividade deportiva escolar concréntanse en:

	SI	NON	NON PROCEDE
1. Aplicar medidas para o transporte e desprazamentos .			
2. Maximizar as medidas de limpeza			
3. Desinfección do material na súa utilización			
4. Incrementar actividades ao aire libre ou ventilación nos espazos pechados			
5. Respetar o aforo e normativa das instalacións			
6. Aplicar os protocolos establecidos para as actividades			
7. Adhesión ao Xogade e divulgación das medidas			
8. Dispoñer dun coordinador/a FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22			
9. Axustarse as restricións, seguir os procedementos e recomendacións sanitarias así coma a comunicación de incidencias			
10. Avaliar os riscos dos eventos e actividades propostas			

7.4. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS PARA PARTICIPAR EN XOGADE 2021/22

MODELO

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PAIS/NAIS/TITORES/AS LEGAIS PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES DE XOGADE

D./D^a _____,
con DNI número _____, como pai/nai/titor/a legal de _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:

- Realizará, ao deportista anteriormente mencionado/a, a enquisa de autoavaliación da Covid-19 antes de acudir á calquera das actividades relacionadas co programa XOGADE.
- NON enviará ao deportista en cuestión á actividade, no suposto de ter síntomas compatibles coa Covid-19 e informará da ausencia do escolar ao coordinador/a da actividade.
- Que lín e acepto os compromisos contidos no protocolo de prevención da Covid-19 do programa Xogade, publicado na súa web.
- Que son consciente dos riscos que implica a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola Covid-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Asinado

En _____, a ____ de _____ de 20__.

7.5. DIRECTORIO

SERVIZO DE DEPORTES EN IDADE ESCOLAR SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Rúa Madrid 2-4, 2º andar.
15781-Santiago de Compostela
Teléfono: 881 99 63 42 - 881 99 63 63 - 881 99 63 34
E-mail: deporte.escolar@xunta.gal

SERVIZO DE DEPORTE A CORUÑA

Complexo Deportivo Elviña
Praza Agustín Díaz, 1
15008-A Coruña
Teléfono: 881 960 767 - 881 960 767
E-mail: deportes.coruna@xunta.gal

SERVIZO DE DEPORTE LUGO

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Ronda da Muralla, 70-1º
27071-Lugo
Teléfono: 982 294 560 - 982 294 567 - 982 294 568
Fax: 982 294 565
E-mail: deportes.lugo@xunta.gal

SERVIZO DEPORTE OURENSE

Casa de Chocolate
Avda. Habana, 79-4º
32004-Ourense
Teléfono: 988 386 045 - 988 38 60 47
Fax: 988 386 051
E-mail: deportes.ourense@xunta.gal

SERVIZO DEPORTE PONTEVEDRA

R/Fernández Ladreda, nº 43-6º andar
36003-Pontevedra
Teléfono: 886 206 527
Fax: 986 805 548
E-mail: deportes.pontevedra@xunta.gal

CASA DO DEPORTE VIGO

Fotógrafo Luis Ksado, 17
36209-Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 218 285 - 886 206 529 - 886 218 285
Fax: 886 218 288
E-mail: deportes.vigo@xunta.es

7.6. PROTOCOLOS DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E COMPETICIÓNS

Todos os eventos e competicións que se desenvolvan terán que ter un protocolo de referencia específico no ámbito da Covid-19 que será trasladado á autoridade competente e comunicado a todos os participantes. Con carácter mínimo, os protocolos axustaránse aos requirimentos que sexan de aplicación á concreta modalidade deportiva segundo o establecido nos protocolos aprobados consonte a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-Dxtgalego.

Calquera tipo de competición e/ou evento deberá ser autorizada pola Secretaría Xeral para o Deporte a través dos Servizos Provinciais.

7.7. TABOAS DE PAUTAS XERAIS PARA ADESTRAMENTO XOGADE 2021/22

Inclúense a continuación as medidas propostas para diferentes situacións onde pode haber algún tipo de contaxio antes, durante e despois da práctica das diferentes modalidades deportivas da actividade deportiva escolar. As medidas estarán condicionadas aos cambios que se vaian producindo coa evolución da pandemia e polo tanto iranse actualizando cando proceda.

Cada entidade deportiva que vaia a desenvolver unha actividade de deporte escolar deberá telas de referencia e aplicarlas adaptándoas ao seu contexto e as restricións de cada momento.

ÍNDICE DE TÁBOAS

- Pautas xerais
- Atletismo en pista
- Baloncesto
- Balonmán
- Bádminton
- Campo a través
- Duatlón
- Fútbol Sala
- Tenis de mesa
- Natación
- Orientación
- Patinaxe artística
- Piragüismo - Dragóns
- Voleibol
- Xadrez
- Xogando co atletismo
- Escalada
- Xogos tradicionais e populares

PAUTAS XERAIS *que deberán axustarse as restriccións das autoridades sanitarias de cada momento*

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Antes	Deportistas Staff Outros Alleos	Persoa a persoa (directo)	Garantir a aptitude dos deportistas/ técnicos para a práctica deportiva.	<ul style="list-style-type: none"> - Realizar a enquisa de avaliación antes de ir cara a actividade deportiva para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19. - De ter sintomatoloxía compatible co COVID-19 deberase acudir ao servizo sanitario de referencia e seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias e en ningún caso Eacudir á instalación deportiva.
Antes	Deportistas Staff Outros Alleos	Persoa a persoa (directo) e por vía aérea	Desprazamento á instalación deportiva en transporte público.	<ul style="list-style-type: none"> - Revisar as restriccións/ recomendacións establecidas para cada momento no que respecta ao transporte - Uso obrigatorio da máscara. - Evitar o pago con efectivo. - Cando saen do transporte realizar limpeza de mans con solución hidroalcohólico.
Antes	Deportistas Staff Outros Alleos	Persoa a persoa (directo)	Entrada á instalación deportiva.	<ul style="list-style-type: none"> - Atender ao protocolo específico da propia instalación.
Antes Despois	Deportistas Staff Outros Alleos	Persoa a persoa (directo)	Desprazamento á instalación deportiva.	<ul style="list-style-type: none"> - Revisar as restriccións/ recomendacións establecidas para cada momento no que respecta ao transporte - Priorizar os desprazamentos individuais. - Uso da máscara obrigatoria. - Distanciamiento máximo no caso de compartir transporte con persoas coas que non conviven.
Antes Despois	Deportistas Staff	Material uso simultáneo/alternativo	Compartimos material	<ul style="list-style-type: none"> - Desinfección do material e de mans antes e despois da actividade.
Antes Durante Despois	Outros Alleos	Persoa a persoa (directo)	Interacción entre nais/pais e adestradores ou pais e nais que deixan os seus fillos nas instalacións e aproveitan para saudar e conversar con outros pais.	<ul style="list-style-type: none"> - Evitar agrupamentos de persoas nos accesos das instalacións, establecendo horarios nos que non coincidan os deportistas que entran cos que saen. - Se isto non fora posible, uso de máscaras e respectar a distancia de seguridade, habilitar zonas para iso, evitando interacción con outras persoas.

PAUTAS XERAIS *que deberán axustarse as restriccións das autoridades sanitarias de cada momento*

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Antes Durante Despois	Outros Alleos	Persoa a persoa (directo)	Os acompañantes dos deportistas na instalación.	<ul style="list-style-type: none"> - Recoméndase que non estean presentes no adestramento os acompañantes dos deportistas. - Durante a espera fora da instalación é obrigatorio o uso da máscara, e recomendable non relacionarse con outras persoas
Antes Durante Despois	Deportistas	Comida e víveres	Uso de fontes de hidratación comúns como billas, piletas, etc. e consumo de alimentos.	<ul style="list-style-type: none"> - Indicar a prohibición do uso de todas as fontes de auga da instalación para o consumo directo. - Deberá ser obrigatorio que cada deportista traia da casa a súa botella identificada para a hidratación durante a práctica deportiva. - Colocar carteis nas instalacións recomendando que non se compartan bebidas nin alimentos. Informar as familias por escrito das precaucións.
Antes Durante Despois	Deportistas	Superficie de uso secuencial	Uso de vestiarios e aseos	<ul style="list-style-type: none"> - Priorizar que a roupa deportiva veña posta da casa; evitar o uso compartido e multitudinario dos vestiarios - No caso dos aseos, utilizaranse só para o fin propio e polo tempo imprescindible.
Antes Durante Despois	Staff Outros Alleos	Persoa a persoa (directo)	Uso da máscara	<ul style="list-style-type: none"> - Uso obrigatorio en todo momento
Antes Durante Despois	Deportistas Staff Outros Alleos	Persoa a persoa (directo)	Manipulación ou rotura da máscara.	<ul style="list-style-type: none"> - Alonxarse a distancia mínima de seguridade para manipular a máscara. - Deberán sempre ter recambios de máscara por se fose preciso cambiala. - Desinfección de mans previa e posterior á manipulación.
Durante	Deportistas	Persoa a persoa (directo)	Uso da máscara	<ul style="list-style-type: none"> - Uso obrigatorio mentres non se poida manter a distancia de seguridade. - Habilitar recipientes individuais para gardalas.

PAUTAS XERAIS *que deberán axustarse as restriccións das autoridades sanitarias de cada momento*

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRICIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Durante	Deportistas Staff Outros Alleos	Persoa a persoa (directo)	Permanencia na instalación deportiva.	<ul style="list-style-type: none">- Obrigatorio o uso de máscara.- De existir, seguir os itinerarios de acceso e saída da instalación.- Manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,50 metros.- Realizar unha desinfección das mans con xel hidroalcolico cada vez que se entre ou saia da instalación.

PAUTAS XERAIS *que deberán axustarse as restriccións das autoridades sanitarias de cada momento*

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Durante	Deportistas Staff Outros Alleos	Espazo de uso secuencial/simultáneo	Uso de almacéns.	<ul style="list-style-type: none"> - O acceso ó almacén deberá estar limitado a unha ou varias persoas, que serán os/as encargados/as da correcta manipulación/desinfección do material. - No caso de que sexa un almacén compartido por varios clubs, evitar en todo momento compartir espazo entre os distintos clubs. - Usar máscara e manter sempre a distancia de seguridade interpersonal cando interactúan varias persoas.
Durante	Deportistas	Material deportivo de uso individual	Roupa de adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> - Prohibido o intercambio de petos, suadoiros ou roupa de adestramento entre deportistas. - Calquera prenda de roupa que non leve posta o deportista debe ser depositada nunha bolsa individual debidamente identificada e pechada, sen que ningún compañeiro ou membro do staff poida ter contacto con ela.
